

IX Xornada de Usuarios de R en Galicia

por webadmin - jueves, julio 28, 2022

<http://www.biometricsociety.net/2022/07/28/ix-xornada-de-usuarios-de-r-en-galicia/>



Un ano máis poñemos en marcha a organización da **Xornada de Usuarios de R en Galicia**, coa que chegamos á novena edición. Ao igual que en anos anteriores, contamos co apoio da Facultade de Matemáticas da USC e o patrocinio da Xunta de Galicia.

A IX Xornada de Usuarios de R en Galicia terá lugar o día **20 de outubro de 2022** na **Aula Magna da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela**.

Se estás a traballar en proxectos que empregan R, e queres presentar a túa experiencia na xornada, **envía a túa proposta de relatorio antes do 25 de setembro de 2022** empregando os modelos dispoñibles no formulario que podes atopar na seguinte ligazón: [enlace](#)

Todos os relatorios seleccionados aparecerán no libro de actas da xornada.

A información sobre o programa vaise actualizar [na web da xornada](#) a medida que se vaian confirmando. Lembra que podes acceder ás presentacións e vídeos dos relatorios de anos anteriores dende o menú «**Programa**» e así facerte unha idea dos contidos amosados.